Escrito por IEM -Sec
Venres, 14 Setembro 2018 17:18

CONCELLO DE VIGO

**PASEO LITERARIO POLA RÍA DE VIGO E A ILLAS CÍES**



A Concellaría de Normalización Lingüística organiza o paseo literario "Fantasía e realidade de Verne en Vigo, II:"A ría de Vigo e illas Cíes", guiado por Eduardo Rolland (experto no autor Jules Verne e Ledicia Costas (autora da novela "Jules Verne e a vida secreta das mulleres plantas").

Durante a travesía leranse pasaxes do capítulo 'A badía de Vigo' de '20.000 leguas baixo dos mares', xunto á narración da batalla de Rande seguindo o guión do propio capitán Nemo a bordo do Nautilius e da vida secreta das mulleres planta".

**-Visita ao miradoiro, na ruta do Alto do Príncipe**. Conversa arredor de Jules Verne e o empresario vigués Antonio Sanjurjo Badía. Narración da fantasía desta relación e da realidade dos feitos históricos.

-**Visita ao faro.** Narración da entrada do Nautilus na ría de Vigo o 18 de febreiro de 1868 así como das dúas visitas a Vigo de Jules Verne a bordo do 'Saint Michel III . Explicación de curiosidades da Illa Sur na ficción literaria das mulleres planta.

**Data: sábado, 29 de setembro de 2018**

**9.00h:** reunímonos no embarcadoiro

**9:30h**: saída do barco cara ás Cíes

11.00 a 14.00h percorrido polas illas de Monteagudo e do Faro guiado.

Tempo libre a seguir ate as

**17.00h**:.reunímonos no embarcadoiro.

**17:30h**: saída rumbo a Vigo.

Prezo: 10 euros (travesía e paseo. Non inclúe a comida. Pódese xantar nos restaurantes das illas).

**Reservas de praza:**

a) Dende o 17 de setembro, de luns a venres, de 10:00 a 13:00 no teléfono 986 36 05 75 (Instituto de Estudos Miñoráns).

b) Teñen que indicar o nome e apelidos, o documento de identidade e a idade e máis un teléfono de contacto.

c) De lle confirmar a praza, deberán facer o aboamento na conta corrente:

**2080.5035.07.3040014164 de ABANCA**

d) No **"concepto"** do depósito debe constar a indicación **"Cíes" acompañada dos números de viaxeiros que se lle outorgasen na reserva telefónica**
. Logo hai que enviar o comprobante do ingreso ao correo electrónico
oficina@iem.gal

**e) IMPORTANTE: de non enviar o comprobante antes do día 24 de setembro, será eliminada esa reserva.**